



BANDO DA ALCALDIA DA CORUÑA – FESTAS DE SAN XOÁN

CONCELLO DA CORUÑA

ALCALDÍA

XULIO FERREIRO BAAMONDE

ALCALDE DA CORUÑA

Con motivo da celebración das festas de San Xoán e a fin de compatibilizar o uso e o goce do espazo público coa seguridade para as persoas e respecto ao medio ambiente, facendo uso da facultade concedida no artigo 124, letra g, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

DISPOÑO:

1. Condicións para a realización das fogueiras

- Para a realización de fogueiras será preciso a presentación dunha COMUNICACIÓN PREVIA por escrito á Concellería de Mobilidade (Actividade de Policía), con indicación da persoa ou entidade organizadora e da localización na que se pretende levar a cabo a fogueira. A comunicación conterá igualmente unha declaración de cumprimento do presente bando. O Concello dispón dun modelo indicativo de comunicación previa co contido indicado na páxina web para a súa presentación.

O Concello poderá prohibir a realización de fogueiras cando concorra unha razón imperiosa de interese público, como a seguridade pública, a protección do medio ambiente ou a protección dos bens públicos.

- O horario para a baixada de material para as fogueiras ás praias da cidade será, atendendo ás táboas de mareas, a partir das 19.30h do día 23 de xuño.
- Prohíbese o baño nas praias da cidade dende o día 23 de xuño de 2016 ás 22.00h ata as 09.00h do día 24 de xuño de 2016.
- As fogueiras non poderán ter una altura superior á que determinen os Servizos de Emerxencias e Seguridade Municipais que as inspeccionen, e que en todo caso estará en función da súa ubicación, das distancias aos edificios e a outros elementos da contorna.



- Non se poderán realizar fogueiras preto de contedores de toda clase de residuos, vehículos, vivendas, etc. (seguindo os criterios do punto anterior e en todo caso cunha separación mínima de 5 metros).
- Manterase unha distancia de 20 metros ao arborado. Un radio de 5 metros con relación á fogueira estará libre de vexetación que poda arder. Non se poderá utilizar o arborado para suxeitar cadros eléctricos, altofalantes, carteis, etc, nin obxectos punzantes para colgar calquera outro material ou elemento neles.
- Non está permitido o uso de combustibles líquidos, nin de acelerantes nas fogueiras, sardiñadas, barbacoas e similares.
- Está prohibida a queima de plásticos, cauchos, rodas, colchóns, madeira lacada, gomaespuma e outros obxectos que poidan producir gases tóxicos, especialmente na praia, onde tampouco se utilizarán madeiras que leven puntas ou cravos.
- As fogueiras só se poderán acender protexendo o chan con area ou materiais semellantes.
- As fogueiras, sardiñadas e barbacoas que se realicen deberán contar con extintor ou similar para actuación ante emerxencias.
- As praias deberán estar libres ás 6.00h do 24 de xuño para que a concesionaria responsable do servizo de limpeza poda levar a cabo as actuacións necesarias para habilitar a Praia para o seu uso común.

2. Circulación no paseo marítimo

- O día 23 de xuño de 2016 pecharase a circulación no paseo Marítimo na zona das praias de Riazor, Orzán e Matadeiro dende as 19.00h, restablecéndose progresivamente o tráfico por parte dos Servizos de Seguridade e Emerxencias segundo evolucionen as previsións de ditos servizos.
- Facúltase ao director do Plan de Autoprotección para a modificación destes horarios en caso necesario.

3. Servizos de seguridade e emerxencias

- Os Servizos de Seguridade e Emerxencias Municipais (Corpo de Policía Local, Servizo de Extinción de Incendios e Emerxencias e o Servizo de Protección Civil) velarán polo cumprimento do regulado nesta disposición e no resto das ordenanzas municipais, de xeito que no suposto de que as persoas responsables de instalación, actos, eventos (incluída a celebración de fogueiras, sardiñadas, barbacoas e similares) non as retiren ou non as modifiquen voluntariamente no caso de ser requiridos para iso por razón de seguridade, podan acceder á súa retirada inmediata e traslado onde se estime necesario,



sen prexuízo da iniciación, no seu caso, do expediente sancionador que puidese corresponder.

4. Transporte público

- Estabelecerase un dispositivo especial de transporte público, consistente en sete liñas especiais que comunicarán os barrios coa Praza de Pontevedra cunha frecuencia de 15 minutos entre as 00.30h e as 02.30h, o Bus Búho entre as 03.00h e as 06.30h cunha frecuencia de 30 minutos e un servizo especial de autobuses lanzadeira que comunicarán os aparcadoiros disuasorios de Lonzas, Marineda City e Coliseum-Carrefour cada 15 minutos entre as 22.30h e as 02.30h e 30 minutos entre as 02.30h e as 06.30h. Todas estas frecuencias son aproximadas e poderán variar en función do estado do tráfico.

5. Eventos e actos, sardiñadas, barbacoas e similares

- Poderán organizarse sardiñadas, barbacoas e similares sempre e cando non ocupen calzadas ni entorpezan a circulación de vehículos, nin estean apoiadas directamente no chan (altura mínima: 40 cms), contén con illamento térmico e se limpen ao finalizar, comprobando que quedan apagados os rescoldos.
- As fontes de calor deberán manterse a una distancia mínima de 10 metros das árbores, a fin de protexelas de posibles danos.

6. Zonas de especial coidado

- Non está autorizado facer ningún tipo de lume (fogueira ou brasa) nas seguintes zonas: o trazado do oleoduto; o contorno vexetado da Torre de Hércules; a Praza das Bárbaras; os xardíns de San Carlos; os xardíns de Méndez Núñez; Monte de San Pedro e Parque de Bens; na zona arborada do Barrio das Flores; e a zona arborada do Parque de Santa Margarita, sen prexuízo doutras áreas nas que o Concello considere que se dan particulares circunstancias que poñan en risco as persoas ou o patrimonio natural e cultural.
- O Concello define igualmente como “Zonas de Especiais Coidados” a Praza da Fariña (Azcárraga), Campo da Leña (Praza de España), Campo de Marte e Praza de Monforte; e en xeral todas aquelas prazas públicas. Nestas zonas non se prohíbe facer lume sempre que se respecten as instrucións deste bando. Non obstante, extremaranse as precaucións no desenvolvemento da festa para evitar danos ao arborado, á vexetación e aos bens públicos.

7. Residuos

- O Concello recomenda adoptar medidas para a redución de residuos, empregando, na medida do posible, vaixela e cubertos reutilizables ou, no seu defecto, de papel e cartón.



- Os residuos serán depositados nos contedores correspondentes de orgánico, inorgánico, papel e vidro ou nos puntos de depósito de lixo situados nas entradas ás praias.
- Non está autorizado baixar con vidro (botellas, vasos, etc.) ás praias.

8. Infraccións e sancións

- As infraccións das presentes normas serán denunciadas, tramitadas e sancionadas de conformidade coa norma xurídica que resulte de aplicación en cada caso.
- Nos supostos previos da lexislación vixente e sempre que existan razón de seguridade que o aconsellen, o Corpo de Policía Local poderá proceder, como medida cautelar ao decomiso ou retirada de todo tipo de materiais, instalación, ou bens mobles en xeral, previo requirimento ás persoas interesadas cando iso fora posible. Se o decomisado fora perecedeiro, procederase á súa destrución ou entrega a centros benéficos.

9. Vixencia

- O presente bando estará en vigor desde o día da súa publicación ata as 00:00 horas do día 30 de xuño de 2016.


10. Normas complementarias

- A área de Seguridade Cidadá queda autorizada para ditar as instrucións complementarias que as circunstancias e o desenvolvemento dos festexos esixan.

A Alcaldía agradece a todas as coruñesas e coruñeses a súa colaboración e coidado durante estas celebracións, así como a de todos os visitantes que estes días nos acompañen nas festas de San Xoán 2016.

A Coruña a 20 de xuño de 2016

O ALCALDE


XULIO XOSE FERREIRO BAAMONDE

